

ORIENTACIÓN PARA AS FAMILIAS CON FILLOS/FILLAS CON ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS

A familia, xunto co alumnado e o profesorado, forma un dos vértices do triángulo no que se encadra o proceso educativo, polo que xoga un papel fundamental na educación dos seus fillos e das súas fillas. En consecuencia, cómpre que a familia:

- a. Observe o desenvolvemento do seu fillo ou da súa filla, as súas manifestacións e, cando proceda, as rexistre.
- b. Informe ao profesorado titor das manifestacións e/ou dos comportamentos do seu fillo ou da súa filla cando encaixan nos indicadores de altas capacidades intelectuais.
- c. Colabore no proceso de avaliación psicopedagóxica.
- d. Manteña unha relación fluída co centro educativo, especialmente co profesorado titor e coa xefatura do departamento de orientación, ofrecendo a súa axuda e colaboración e trasladando a información relativa a calquera situación que poida estar afectando ao seu desenvolvemento integral.
- e. Sexa informada polo equipo docente respecto dos estándares de aprendizaxe; criterios de avaliación, cualificación, promoción e titulación, de ser o caso, e das distintas medidas destinadas ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Na información sobre esas medidas poderá colaborar a xefatura do departamento de orientación.
- f. Colabore no desenvolvemento académico, social e emocional do seu fillo ou da súa filla, procurando que teña unha boa imaxe del mesmo e dela mesma, coidando as mensaxes que, directa ou indirectamente, se lle transmiten e facilitándolle experiencias gratificantes na procura de coidar a súa autoestima.
- g. Promova o desenvolvemento das potencialidades do seu fillo ou da súa filla, evitando un excesivo nivel de esixencia e un desaxuste nas expectativas.
- h. Responda aos intereses do seu fillo ou da súa filla e ao seu afán de coñecemento, favorecendo un ambiente variado en estímulos, consonte coas súas potencialidades e cos intereses que amosa.
- i. Evite todo tipo de comparacións. Cada nena e cada neno é singular.
- j. Fomente a autonomía do fillo ou da filla, con orientacións claras sobre o xeito de atopar respostas e solucións aos seus problemas sen temor ao fracaso.

k. Considere a formación como unha vía para entender e atender mellor ao seu fillo ou a súa filla: coñecer cales son as súas necesidades intelectuais, emocionais e sociais; a importancia da colaboración coordinada co centro educativo; os recursos existentes; etc, formación que pode realizarse a través da oferta da administración, das entidades, das asociacións, etc.

l. Promova valores de solidariedade, respecto, tolerancia, colaboración, etc; evitando, de ser o caso, comparacións indebidas referidas ás capacidades do seu fillo ou da súa filla. Cada neno e cada nena debe aprender a respectar e valorar as demais persoas, do mesmo xeito ca estas deben respectalo ou respectala.

m. Favoreza o desenvolvemento integral da súa filla ou do seu fillo, non centrándose unicamente na parte cognitiva, tamén no ámbito socio-emocional, e facilitándolle ferramentas e estratexias para xestionar a súa tolerancia á frustración e os seus estados emocionais.

n. Valore o esforzo e a constancia, recoñecendo o traballo ben feito aínda que non perfecto, ensinándolle a aceptar os seus erros e aprender destes. É importante fomentar hábitos de traballo e a implicación nas tarefas.

o. Colabore co profesorado e co resto da comunidade educativa no proceso de inclusión, especialmente nos procesos de cambio social cara ás altas capacidades intelectuais, axudando a desterrar os mitos que están fortemente arraigados.

FONTE: **Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais** da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.